A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro). Neste sentido, a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:

-Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza crave na elaboración da planificación, a elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso.

-Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención, centrada na persoa, permite combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

-Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

-Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. Esta materia desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentales, cognitivos, actitudinales, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser.

-Respecto pola curiosidade e inquietudes . Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

-Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes ppos. metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e

aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro . A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos-as.

-Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é adecuada para desenvolver o traballo a aprendizaxe cooperativo/equipo.

-Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promove a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético.

-Deseño dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento *das intelixencias múltiples.* O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica e comporta unha funcionalidade. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe. A opción desta metodoloxía leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesial.

-A ensinanza-aprendizaxe da Relix. Católica debe deseñarse e desenvolverse desde *narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións*, historias da vida diaria e literatura, persoas exemplares etc.

- A) Experiencias de educación no sentido da vida.
- B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.
- C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.
- D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.
- E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

- *A interdisciplinabilidade* polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.

-*Diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual.* A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade...

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).

- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Neste proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: «Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cada alumno disporá dun caderno o clasificador persoal. Recurrirase en xeral a:

- Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- Cancións.
- Xogos. - Presentacións en Power-Point.
- Exercicios de valores.

Películas propostas	
Curso	Título
2º ESO	“Como Dios”

Actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso de ampliación).

As tarefas principais (mapas conceptuais) serán na medida do posible publicadas na aula virtual ou no caso dos niveis da E.S.O vía Edixgal. Po-lo contrario o resto das actividades gancho deseñadas, terán carácter secundario, axustándose á tipoloxía seguinte: a busca-las diferencias, cada ovella coa súa parella,...¿quén o dixo?, ordena a historia, qué vexo- qué penso- qué me suxire, pasapalabra, en ruta , roteiros e camiños, puzle dos mitos, localiza-la letra dalgunha canción.

Materiais e recursos.

Todos os que corresponden propiamente e de uso sistemático do Departamento de Relixión. Coa peculiaridade do incremento da cultura da imaxe co emprego cotiá dos diferentes dispositivos, aparellos e aplicación existentes.

Metodoloxía.

Con todo o exposto entendemos que nesta disciplina a metodoloxía está concebida cara a dar resposta e abarcar o carácter lúdico, a análise de fontes, estudos de casos e o de dar cobertura e paso á implicación e a responsabilidade social. Cumplimentando ó mesmo tempo as distintas competencias sinaladas como principais co horizonte da conectividade (medio axeitado po-la súa inmediatez i efecto directo) .

G.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN ALUMNADO

En canto ás técnicas van depender do estándar que se queira avaliar e agrupámolas en catro grandes bloques: observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas. Estes *instrumentos* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as

aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns. O.A.

Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografía, informes.PA

Expresións orais: Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, do seu comportamento, da integración cando o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común.Respecto ás quendas nos debates.EO

Probas específicas: probas tipo test e cuestionarios (verdadeiro ou falso, encher espazos, aparellar, selección múltiple). Exposición dun tema, interpretación de datos, PE.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	Cálculo da nota da 1ª avaliación: Coa suma das notas de cada un dos instrumentos avaliatorios. 2º,4º E.S.O.: Proba Específica.10%/Producción Escrita:.60%/Caderno 20%/ Observación .Aula.10% /2º BACH.: P.ESP. 10%, P.ESC. 80%, O.A. 10%
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación: Os suspensos no trimestre terán a pertinente recuperación consistente nunha proba de ensaio ou redacción con cuestións breves. No caso de suspender a mesma poderán acceder á convocatoria ordinaria de Xuño. De volver as restricións sanitarias impedindo a realización das probas presenciais, adaptaránse as probas anteriormente descritas e presentaránse ao alumnado de xeito virtual. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña ou pola presentación de traballos escritos de acordó cos estándares imprescindibles recollidos na programación.
	Cálculo da nota da 2ª avaliación: Coa suma das notas de cada un dos instrumentos avaliatorios. 2º,4º E.S.O.: Proba Específica.10%/Producción Escrita:.60%/Caderno 20%/ Observación .Aula.10% /2º BACH.: P.ESP. 10%, P.ESC. 80%, O.A. 10%
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación: Os suspensos no trimestre terán a pertinente recuperación consistente nunha proba de ensaio ou

<p>2º Avaliación</p>	<p>redacción con cuestións breves. No caso de suspender a mesma poderán acceder a convocatoria ordinaria de Xuño. De volver as restriccións sanitarias impedindo a realización das probas presenciais, adaptaránse as probas anteriormente descritas e presentaránse ao alumnado de xeito virtual. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña ou pola presentación de traballos escritos dacordó cos estándares imprescindibles recollidos na programación.</p>
<p>3º Avaliación</p>	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación: Coa suma das notas de cada un dos instrumentos avaliatorios. 2º,4º E.S.O.: Proba Específica.10%/Producción Escrita:.60%/Caderno 20%/ Observación .Aula.10% /2º BACH.: P.ESP. 10%, P.ESC. 80%, O.A. 10%</p> <p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación: Os suspensos no trimestre terán a pertinente recuperación consistente nunha proba de ensaio ou redacción con cuestións breves. No caso de suspender a mesma poderán acceder a convocatoria ordinaria de Xuño. De volver as restriccións sanitarias impedindo a realización das probas presenciais, adaptaránse as probas anteriormente descritas e presentaránse ao alumnado de xeito virtual. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña ou pola presentación de traballos escritos dacordó cos estándares imprescindibles recollidos na programación. /2º BACH.: P.ESP. 10%, P.ESC. 80%, O.A. 10%</p>
<p>Cualificación final</p> <p>Proba extraordinaria para BAC.</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: Coa media das notas logradas en cada unha das avaliacións anteriores.</p> <p>No caso de suspender a mesma poderán acceder a convocatoria ordinaria de Xuño consistente nunha proba de ensaio ou redacción con cuestión breves.</p>
<p><u>I.</u> <u>Organización do alumnado coa materia pendente.</u></p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Sumando os valores obtidos en cada unha das cuestións plantexadas ó alumno terá que acadar un cinco de puntuación para obter a calificación de apto. Habará oito preguntas curtas cun valor dun punto e dúas de desenvolvemento cun valor de dous puntos.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedementos que se van a empregar</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración do traballo diario (fichas exixidas). - Resolución, interpretación, lectura e análise de relatos e ganchos pedagóxicos.

Instrumentos que se van a empregar. Os descritos na programación dacordo cos diferentes estándares por niveis que se queiran avaliar. Sempre ofrecendo cobertura á diferenza específica, individual e grupal. Agrupando en catro bloques a produción escrita e dixital, á proba escrita ou específica, as intervencións orais e a observación na aula. Constituindo o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre os aprendizaxes esperados do alumnado e correspondentes aos procedementos de avaliación suliñados con anterioridade. Dando paso ó despliegue da versión dixital dos mesmos. Garantindo deste xeito a modalidade non presencial.

Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns. O.A.

Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías, informes.PA

Expresións orais: Valoración da súa creatividade e investigación. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, comportamento, integración en grupo. Participación positiva nas postas en común. Respecto ás quendas nos debates.EO

Probas específicas: probas tipo test e cuestionarios (verdadeiro ou falso, encher espazos, aparellar, selección múltiple). Exposición dun tema, interpretación de datos, PE.

2.1 Metodoloxía e actividades período comprendido entre a 3º avaliac. e a avaliación final na ESO(apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Metodoloxía Con todo o exposto entendemos que nesta disciplina a metodoloxía está concebida cara a dar resposta e cumprimentar as competencias sinaladas como principais. A cumprir co obxectivo da conectividade abarcando o carácter lúdico, a análise de fontes, estudos de casos e finalmente o da implicación e responsabilidade social (proxectos solidarios e de ámbito humanitario).

Actividades tipo Co emprego dunha estratexia orientada ó deseño de actividades de apoio, repaso, reforzo, recuperación e no seu caso de ampliación. Axustándose, a cada tipo e nivel de dificultade. Con tarefas principais, así como actividades gancho que permitan un abanico múltiple en canto a posibilidades e formas cara a expresión e representación da información e dos contidos. Isto é elaboración, representación de datos, realización de fichas-mapa de contidos, redacción de resúmenes Éstas poderán

ser publicadas vía EDIXGAL: busca-las diferencias, cada ovella coa súa parella,....
¿quén o dixo?, orde a historia, qué vexo, qué penso, qué me suxire, pasapalabra, en
ruta (roteiros e camiños), puzzle dos mitos, localiza-la letra dalgunha canción.....

2.2 Metodoloxía e actividades período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final en 2º BACH.

Metodoloxía Con todo o exposto entendemos que nesta disciplina a metodoloxía está concebida cara a dar resposta e cumprimentar as competencias sinaladas como principais. A cumprir co obxectivo da conectividade abarcando o carácter lúdico, a análise de fontes, estudos de casos e finalmente o da implicación e responsabilidade social (proxectos solidarios e de ámbito humanitario).

Actividades tipo

Nos mesmos termos que no epígrafe anterior. Se ben cabe destacar o papel prioritario nesta materia de fornecer á preparación das probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade dado o carácter omnicomprensivo da nosa materia.

H.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

J Organización dos procedementos e instrumentos de avaliación que lle permitan o alumno acreditar os coñecementos.

No tocante ós materiais de reforzo para a materia pendente, éstos serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Asemesmo con relación ós mesmos e si se dera o caso, este departamento poderá establecer outros, coa debida fundamentación pedagóxica . Procedentes ou ben dos canles habituais no eido editorial i educativo . Ou dos ofertados en última instancia a nivel interactivo e froito das últimas tendencias na materia cara a acadar os obxectivos dun xeito máis eficiente.

A avaliación da aprendizaxe do alumno da E.S.O. e Bacharelato basearase na combinación dos seguintes procedementos:

- Valoración do traballo cotiá do alumno mediante a realización de exercicios, textos na aula e fóra da mesma e a súa corrección colectiva ou individual.
- Valoración das lecturas individuais e dos traballos, comentarios, e fichas demandadas.
- Realización das probas prácticas sobre diferentes aspectos da materi

En canto ós instrumentos para valorar as capacidades do alumnado de E.S.O. e Bacharelato, éstos serán as seguintes:

-Unha proba inicial que se realizará a principios de curso para establecer os diferentes niveis de contidos e para atender a diversidade de aptitudes existente no grupo. Permite detectar deficiencias graves en capacidades xerais como ortografía, expresión oral e escrita, comprensión escrita, etc.

-Unha proba como mínimo por avaliación, con preguntas tipo teóricas- test.

- Asemade faráse unha observación na aula e a análise das tarefas , das intervencións na clase e as correccións dos exercicios e supervisión do caderno do alumno.

Tal e como se reflicte con anterioridade nesta programación.No apartado mecanismos para o seguimento (clases de recuperación, traballos, reunión de seguimento, etc.) dentro do epígrafe avaliación e relativo a pendentos. O plan de actuación e organización ,no caso de pendentos nesta materia será:

-Se un alumno ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e a segue cursando, valorarásese no primeiro trimestre si vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Esa valoración será a través dunha proba escrita mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos

ao longo do curso poderá optar por realizar unha segunda nova proba de pendentes tendo o horizonte e de xeito excepcional , na convocatoria ordinaria de Xuño.

-No caso de que o alumno non siga cursando a materia de Relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso o interese que amose a alumna/o será fundamental.

K. AVALIACIÓN INICIAL.

Realizaráse unha proba escrita específica K.P.S.I.a principio de curso, preferentemente na última semana de Setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado, pois coñecer as competencias coas que chega é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso que non ven de ser analizado eiquí, de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de Relixión na Primaria.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

No Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

Unha proba de comprensión dun texto bíblico (contidos básicos do mesmo).

Unha presentación dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.

Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

ATENCIÓN ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Como xa sinaléi, a **diversidade** é algo patente, xa que influíe nos nosos/as alumnos/as a súa personalidade, evolución, madurez, carencias, ambiente familiar,....;pero ademáis, dentro de esta diversidade, existen determinados alumnos/as que, requiren: *“Unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas suass altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoales ou de historia escolar”*. Son os que a LOE denomina Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE); e para eles, fíxanse os principios de atención que son:

- **Normalización**: pola miña parte no trato cos alumnos/as e entre eles

- **Sectorización**: dos servicios para persoas con algunha minusvalía

- **Integración**: dos alumnos/as sen distinción no sistema educativo

- **Individualización** da enseñanza: que supón unha atención particular a certos alumnos/as como un principio básico do proceso de ensinanza – aprendizaxe

- **Inclusión:** tratando de fomentar que exista no centro máis que simple integración; dispoñendo dos recursos previamente ás necesidades

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente.

Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

L. Medidas de atención a diversidade.

- Optatividade

Por suposto esa será a primeira medida de atención á diversidade, xa que a nosa asignatura é de obrigada oferta por parte do centro pero de libre elección por parte do alumnado, xa que non todos os nosos alumnos teñen que ter a mesmas crenzas relixiosas

Medidas a Nivel Curricular

Son unha serie de medidas extraordinarias que afectan ós elementos prescriptivos do currículo, e serán:

- Adaptacións curriculares

Necesita da autorización da inspección educativa para ser levada a cabo.

Están dirixidas a ese alumnos do primeiro ciclo da ESO que non poden seguir o ritmo ordinario do proceso de ensino – aprendizaxe; o deseño será responsabilidade de cada departamento, aínda que en colaboración con outros profesionais coma os que conforman o departamento didáctico e o de orientación e terá a duración que consideremos necesaria (xeralmente un ciclo educativo)

Medidas organizativas de atención á diversidade

- Programas de Mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR)

En torno a este tipo de programa de mellora comentar o seguinte:

Neles usarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas y de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, tendo como finalidade que o alumnado que se somete a estes programas realice o cuarto curso pola vía ordinaria e obteña o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

Estes programas dirixense, de maneira preferente, ao alumnado que presenta dificultades relevantes de aprendizaxe que non se poidan imputar a falta de estudo ou esforzo.

O equipo docente propondrá ás familias ou tutores legais a incorporación a un de estes programas nos casos nos que xa se repetirá polo menos un curso en cualquera etapa e cando, unha vez cursado o primeiro curso de Educación Secundaria Obligatoria, non reúnan os requisitos mínimos para promocionar ao segundo curso. Esta circunstancia poderá permitir a inclusión nun destes plans cando, unha vez cursado segundo, o alumnado no estea en condicións de promocionar a terceiro.

No primeiro caso o programa darase nos cursos segundo e terceiro, e só en terceiro no segundo suposto.

M. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro deste, axeitados ás necesidades

do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

Comprensión Lectora e a Expresión oral e escrita

- Practicar constantemente estes dous elementos na lectura de textos bíblicos i en documentos, tanto en medios dixitais como en papel. -Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

Comunicación Audiovisual

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade. -Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade. -Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

Emprendemento

-Valorar os produtos obxectivamente e saber adquirilos e consumilos de xeito racional e equilibrado. -Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto. -Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde a visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

Educación cívica:

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar a resp. persoal e allea ante a familia, sociedade, mundo e Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras instituc. que colaboran no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas xeradoras de situacións marxinais e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

Prevención da violencia.

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia. -Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo. -Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto. -Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calqueira tipo de discriminación por razón de sexo. -Descubrir e rexeitar as posturas extremas e valorar ós demais indiscriminadamente.

N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Marco teórico. Obxectivos das activ. deste departamento de relixión serían:

- Procurar unha relación que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, inserción social e de afecto.
- Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegandoos á cultura, arte e símbolos da contorna.

As actividades realizaríanse sempre en coordinación e baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade faráse cun Plan que se deseñe nos primeiros días de clase. Cando se teña analizada a situación xeral, os datos concretos de cada grupo e doutras materias, e que terá que ser aprobado polo Centro. . Marco práctico Complementarias - Xornada do libro: a Biblia. Uso da Biblioteca do Centro. - Xornada Declaración Dereitos Humanos. - Xornada de solidariedade no Nadal - Celebración do Día da Paz.

Ñ. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

O **Obxectivo** da metaavaliación é asegurar a calidade dos procesos evaluativos .Evitar ou correxir prácticas ilegais, sinalar o camiño para o perfeccionamento e promover unha maior comprensión de ditos procesos.

Características que a avaliación segue: - **Utilidade:** debe ser adecuada para permitir tomar decisións sobre a programación e poder melloralas -

Viabilidade: debe ser unha programación posible atendendo varios aspectos :

o tempo, o avaliador, avaliados, a adecuación dos métodos.- **Validez:** medirá exactamente o que quero avaliar, é dicir ,debo utilizar as probas máis adecuadas para logralos resultados que busco . - **Legalidade /Ética:** debe respetala lei, dereitos fundamentais dos avaliados. - **Fiabilidade:** da información recollida e analizada , para garantir que o mesmo proceso levado a cabo por outros obteña os mesmos resultados.

Propoñemos un procedemento de valoración da programaión.consistente na aplicación dunha escala de observación, en reunións trimestrais co fin de que se xulgue a tarefa no curso, segundo os resultados obtidos ao final :

- Periodicidade na revisión. - Contidos que foi preciso engadir ou eliminar.
- Medidas a adoptar como resultado .

INDICADORES.

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				

14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				